


ANEXOS

ANEXO 1: ZONAS XEOGRÁFICAS

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
			
<u>NOROESTE DE A CORUÑA (38)</u> Abegondo, Ares, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Cambre, Carballo, Cariño, Carral, Cedeira, Cerceda, Cerdido, Coristanco, A Coruña, Culleredo, Fene, Ferrol, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mañón, Miño, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, Oleiros, Ortigueira, Oza-Cesuras, Paderne, Ponteceso, Pontedeume, Sada, San Sadurniño, Valdoviño, Vilarmajor <u>OESTE DE A CORUÑA (10)</u> Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo, Zas <u>INTERIOR DE A CORUÑA (33)</u> Ames, Aranga, Arzúa, A Baña, Boimorto, Boqueixón, Brión, A Capela, Coirós, Curtis, Frades, Irixoa, Melide, Mesía, Monfero, Negreira, Ordes, Oroso, O Pino, As Pontes de García Rodríguez, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado, As Somozas, Teo Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val Do Dubra, Vedra, Vilasantar <u>SUROESTE DE A CORUÑA (12)</u> Boiro, Dodro, Lousame, Muros, Noia, Outes, Padrón, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois	<u>A MARIÑA DE LUGO (15)</u> Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Oulol, A Pontenova, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Xove <u>CENTRO DE LUGO (27)</u> Abadín, Antas de Ulla, Begonte, Castro de Rei, Castrovirde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Monterroso, Muras, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Portomarín, Rábade, Riotorto, Sarria, Vilalba, Xermade <u>MONTAÑA DE LUGO (14)</u> Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, O Incio, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Ribeira de Piquín, Samos, Triacastela <u>SUR LUGO (11)</u> Bóveda, Carballedo, Chantada, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao, Sober, Taboada	<u>MIÑO DE OURENSE (21)</u> A Arnoia, Barbadás, Beade, Carballeda de Avia, Cartelle, Castro de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Nogueira de Ramuín, Ourense, Padrenda, O Pereiro de Aguiar, Pontedeva, Punxín, Ribadavia, San Amaro, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén <u>SUR DE OURENSE (34)</u> Allariz, Baltar, Bande, Baños de Molgas, Os Blancos, A Bola, Calvos de Randín, Castro do Val, Celanova, Cualedro, Entrimo, Gomesende, Laza, Lobeira, Lobios, A Merca, Monterrei, Muíños, Oímbra, Paderne de Allariz, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vereia, Verín, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía <u>MONTAÑA DE OURENSE (19)</u> O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Esgos, A Gudiña, Maceda, Manzaneda, A Mezquita, Montederramo, Parada de Sil, A Pobra de Trives, Riós, San Xoán de Río, A Teixeira, A Veiga, Viana do Bolo, Vilariño de Conso, Xunqueira de Espadanedo <u>NOROESTE DE OURENSE (12)</u> Amoeiro, Avión, Beariz, Boborás, O Carballiño, Coles, O Irixe, Maside, A Peroxa, Piñor, San Cristovo de Cea, Vilamarín <u>VALDEORRAS (6)</u> O Barco de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá, Vilamartín de Valdeorras	<u>RÍAS BAIXAS (32)</u> Baiona, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Catoira, Gondomar, O Grove, A Illa de Arousa, Marín, Meaño, Meis, Moaña, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Poio, Ponte Caldelas, Pontecesures, Pontevedra, Portas, Redondela, Ribadumia, Sanxenxo, Soutomaior, Valga, Vigo, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa <u>INTERIOR DE PONTEVEDRA (16)</u> Agolada, Campo Lameiro, A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Cuntis, Dozón, A Estrada, Forcarei, Fornelos de Montes, Lalín, A Lama, Moraña, Rodeiro, Silleda, Vila de Cruces <u>MIÑO DE PONTEVEDRA (13)</u> Arbo, Crecente, A Guarda, Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Pontearreas, O Porriño, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui

ANEXO 2: MODELO DE ACTA DA COMISIÓN

Exemplo:

MODELO DE ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE ALERTAS METEOROLÓXICAS DEPORTIVAS DO 8 DE XANEIRO DE 2025

A Comisión reúnese telematicamente o mércores, 8 de novembro de 2025 ás 09.00 horas, coa asistencia dos representantes dos seguintes órganos:

- Secretaría Xeral para o Deporte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Axencia Galega de Emerxencias (Axega) da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa dun fenómeno meteorolóxico adverso de nivel LARANXA por VENTOS na zona OESTE DA CORUÑA desde as 7h ata as 16h.

Ante a devandita situación de risco, a Comisión de Alertas Meteorolóxicas Deportivas acordou o seguinte:

1. A SUSPENSIÓN de actividades no exterior DURANTE O MÉRCORES 9 da actividade deportiva federada na zona de aviso.
2. Comunicar as recomendacións correspondentes ao fenómeno de tipo de alerta.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

(Incluirase como anexo as zonas meteorolóxicas cos concellos que inclúe cada zona)

ANEXO 3: MEDIDAS SEGUNDO O NIVEL DE ALERTA

MEDIDAS SEGUNDO O NIVEL DE ALERTA						
	VENTO	CHOIVA	MAR	ONDA DE CALOR	BAIXAS TEMPERATURAS	NEVE
AMARELA	MEDIDAS					
	A actividade deportiva NON se suspende					
	RECOMENDACIÓNS					
	a) Precaución con árbores ou elementos exteriores que se poidan desprender. b) Atención á novos avisos.	a) Atención á novos avisos.	a) Segue a predición meteorolóxica b) Atención á novos avisos	a) Evita o exercicio nas horas centrais do día b) Hidrátate ben c) Atención a patoloxías d) Toma medidas para evitar un golpe de calor	a) Emprega roupa axeitada para a práctica deportiva segura b) Ollo coas caídas por mor do xeo c) Atención a patoloxías	a) Emprega roupa axeitada para a práctica deportiva segura b) Ollo coas caídas por mor do xeo c) Atención a patoloxías

MEDIDAS SEGUNDO O NIVEL DE ALERTA						
	VENTO EN TERRA	CHOIVA	MAR (costeiros por vento e ondas)	ONDA DE CALOR	BAIXAS TEMPERATURAS	NEVE
LARANXA	MEDIDAS					
	Se suspende actividade Xogade e Federada no exterior.	Se suspende actividade Xogade e Federada no exterior agás os deportes náuticos / acuáticos federados.	Suspéndese actividade deportiva Xogade e Federada no mar, salvo no caso dos deportes náuticos que se desenvolvan en augas resgardadas (ría e baías) e, no caso de surf nos puntos da costa xeoreferenciados por Meteogalicia, condicionado ao cumprimento das condicións e umbrais máximos establecidos no anexo 4 deste Protocolo de alertas, publicado na web https://deporte.xunta.gal/gl/alertas-meteorologicas .	a. Comisión de alertas meteorolóxicas valorará a suspensión de XOGADE ao aire libre. b. A actividade Federada autonómica non se suspende. Non obstante, recoméndase á organización que adapte os horarios da práctica deportiva ás condicións específicas de cada zona, evitando, se é posible, as horas de maior calor e adoptando as medidas preventivas necesarias para minimizar o impacto das altas temperaturas na saúde, tales como puntos de hidratación, puntos que permitan refrescarse como sombras, arboledas, etc. Os organizadores deberán garantir a protección dos deportistas e do público que asisten ás probas.	A actividade deportiva non se suspende	Suspéndese actividade deportiva Xogade e Federada.
	RECOMENDACIÓNS					
	· Limita os seus desprazamentos e infórmate antes de saír. · Ten coidado coas caídas de árbores ou outros obxectos. · Non subas a tellados. · Asegura calquera obxecto exposto ao vento.	· Infórmate antes de iniciar calquera desprazamento ou actividade exterior. · Evita as zonas próximas aos leitos dos ríos. · Sé prudente de cara ao risco de inundacións · Infórmate sobre o estado das vías de circulación. · Non te achegues en ningún caso, nin a pé nin en vehículo, a unha vía inundada ou próxima a un curso de auga.	· Segue a predición meteorolóxica · Atención á novos avisos · Evita achegarte a paseos marítimos	· Emprega roupa axeitada para a práctica deportiva segura · Atención a patoloxías · Pasa polo menos dúas ou tres horas ao día nun lugar fresco. · Refréscate e molla o corpo varias veces ao día. · Come con normalidade · Evita saír nas horas de maior risco (11h -21h).	· Emprega roupa axeitada · Ollo coas caídas por mor do xeo · Atención a patoloxías · Evita a exposición prolongada ao frío e ao vento, e as saídas ás horas máis frías. · Evita esforzos bruscos. · Revisa a calidade do aire e o bo funcionamento dos sistemas de calefacción · Non tomes bebidas alcohólicas.	· Emprega roupa axeitada para a práctica deportiva segura · Ollo coas caídas por mor da neve e o xeo · Atención a patoloxías · Sé extremadamente prudente se tes que trasladarte obrigatoriamente. · Infórmate sobre o estado das vías de circulación. · Respecta as restricións de tráfico e os desvíos. Leva contigo un equipamento mínimo prevendo un illamento ou retención prolongados.

MEDIDAS SEGUNDO O NIVEL DE ALERTA						
	VENTO	CHOIVA	MAR	ONDA DE CALOR	BAIXAS TEMPERATURAS	NEVE
VERMELLO	MEDIDAS					
	Suspéndese actividade deportiva Xogade e Federada	Suspéndese actividade deportiva Xogade e Federada	Suspéndese actividade deportiva Xogade e Federada no mar	a. Suspensión da actividade Xogade ao aire libre. b. A actividade federada autonómica non se suspende, coa recomendación de non realizala entre as 13.00 e 17.00 h., salvo nos deportes náuticos e acuáticos, onde non existe tal recomendación. Asemade, recoméndase á organización que adapte os horarios da práctica deportiva ás condicións específicas de cada zona, evitando, se é posible, as horas de maior calor e adoptando as medidas preventivas necesarias para minimizar o impacto das altas temperaturas na saúde, tales como puntos de hidratación, puntos que permitan refrescarse como sombras, arboledas, etc. Os organizadores deberán garantir a protección dos deportistas e do público que asisten ás probas.	Suspéndese a actividade deportiva Xogade e Federada ao aire libre	Suspéndese a actividade deportiva Xogade e Federada
	RECOMENDACIÓNS					
	· Permanece na casa e evita calquera actividade exterior. · Se tes que desprazarse obrigatoriamente, sé moi prudente. Toma os eixes principais de circulación. · Toma todas as precaucións posibles para facer fronte ás consecuencias dun vento violento e non accedas aos tellados.	· Infórmate, evita calquera desprazamento e permanece na casa. · Segue os consellos das autoridades competentes. · Respecta as sinalizacións. · Non te achegues en ningún caso, nin a pé nin en vehículo, a unha vía inundada ou próxima a un curso de auga. · Mantén as túas pertenzas lonxe da auga.	· Segue a predición meteorolóxica · Atención á novos avisos · Evita achegarte a paseos marítimos	· Non dubides en socorrer ou en pedir axuda. · Pasa polo menos dúas ou tres horas ao día nun lugar fresco. · Refréscate, molla o corpo varias veces ao día. · Bebe moita auga, e come normalmente. · Evita saír ás horas de maior calor (11h-21h).	· Evita calquera saída ao frío. · Se estás obrigado a saír, evita as horas de máis frío e a exposición prolongada ao frío e o vento, leva roupa adecuada (varias capas, impermeable para o vento e a choiva, mans e cabeza cubertas). · Evita esforzos bruscos. · Revisa a calidade do aire e o bon funcionamento dos sistemas de calefacción nos espazos habitados. · Non tomes bebidas alcohólicas.	· Permanece na casa e non emprendas ningún desprazamento. · Se tes que desprazarte: avisa da túa saída e do teu destino aos teus achegados, e non abandones o teu vehículo salvo a petición do persoal de salvamento.

ANEXO 4: Criterios técnicos para a práctica dos deportes náuticos en augas resgardadas, e, no caso de surf nos puntos da costa xeoreferenciados por Meteogalicia, en contexto de alerta meteorolóxica laranxa por fenómenos costeiros no litoral aberto

As federacións deportivas náuticas asinantes deste anexo ao protocolo – Federacións galegas de Piragüismo, Remo, Vela e Surf- dirixíronse á Secretaría Xeral para o Deporte co obxectivo de contribuír á revisión e mellora do protocolo de aplicación das alertas meteorolóxicas na práctica deportiva federada, especialmente no relativo ás actividades que se desenvolven en augas interiores e zonas resgardadas, como rías e baías, e, no caso de surf nos puntos da costa xeoreferenciados por Meteogalicia.

As federacións asinantes comparten a necesidade de dispoñer dun sistema de alertas preventivo orientado a garantir a seguridade. Porén, a experiencia acumulada na práctica dos deportes náuticos en Galicia pon de manifesto que as alertas por fenómenos costeiros asociadas a fenómenos en mar aberto, non teñen incidencia real nas augas resgardadas, onde as condicións de navegación permanecen estables e seguras.

Co fin de achegar un criterio técnico claro e homoxéneo, as federacións deportivas náuticas asinantes establecen de forma conxunta as condicións desfavorables máximas, aplicables en caso de alerta laranxa, nas que pode desenvolverse a actividade deportiva federada de adestramento e competición en augas resgardadas, e, no caso de surf nos puntos da costa xeoreferenciados por Meteogalicia, sempre dentro dun marco de máxima seguridade. Ditas condicións foron aceptadas pola Comisión de alertas, coa única variación da velocidade máxima do vento proposta para a práctica do surf en 50 nós, que se axusta a 47 nós ao ser o límite establecido en condicións de alerta laranxa.

Estas condicións deberán ser valoradas en todo caso en función dos partes oficiais de predición marítima publicados polos organismos competentes (AEMET e dirección xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático -subdirección xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático- a través de MeteoGalicia), así como das condicións reais existentes no momento e na área concreta de adestramento ou competición. Cando segundo os datos publicados prevéxanse superar estes umbrais non se poderán realizar as actividades deportivas, correspondéndolle a cada unha das federacións a obriga e responsabilidade de trasladarllo aos seus asociados.

Neste sentido, as federacións asinantes e os clubs integrados nas mesmas **asumen o compromiso e responsabilidade de consultar e acatar os pronósticos meteorolóxicos que se publiquen na páxina web de MeteoGalicia para os puntos concretos que lle son de interese, así como se asegurarán de que estas previsións se atopan dentro dos umbrais máximos dos parámetros definidos neste documento como seguros.**

A actividade deportiva federada poderá desenvolverse naqueles casos nos que as condicións desfavorables previstas nos puntos de control establecidos na web de Meteogalicia están por debaixo nos parámetros determinados neste documento, comprometéndose en todo caso a realizar a actividade deportiva nas zonas deses puntos de control.

Para este fin, establécese a seguinte táboa de referencia, na que cada federación define os parámetros máximos admisibles para a súa modalidade deportiva:

Condições desfavorables máximas para a práctica deportiva durante episodios de alerta laranxa por fenómenos costeiros.				
	PIRAGÜISMO	REMO	SURF	VELA
Vento	30 nós	Batel e Remo de Mar: 22 nós Traiñeiriña: 28 nós Traiñeira: 35 nós	47 nós	25 nós
Ondas	1,5 metros, 2 metros (kayak de mar, sénior)	1,5 metros: Remo de Mar, Batel e Traiñeiriña 2 metros: Traiñeiras	4 metros	2,5 metros
Visibilidade	1 milla	1 milla	1 milla	1 milla